



VIII NOCTURNA ESTRADENSE
ESTRA NOITE
RUNNING FEST



ESTRA NOITE

X NOCTURNA ESTRADENSE
CONCELLO DA ESTRADA
VENRES 24 DE XUÑO

INFORMACIÓN
986 570 030
www.aestrada.gal
A Estrada Deporte @ deporteaestrada

HORARIOS DE SAÍDA
21.00 H - PROBAS DE CATEGORÍAS INFERIORES
23.00 H - PROBA ABSOLUTA

INSCRIPCIÓN
www.emesports.es



EMESPORTS.ES

REGULAMENTO X ESTRANOITE 2022

Concello da Estrada, en colaboración co Club Deportivo San Paio, Atletismo A Estrada e CAI A Estrada, organizan o venres día 24 de Xuño a X ESTRANOITE

A proba será nocturna, dándolle un maior atractivo, e será o preludio das festas patronais de San Paio 2022 nun circuito urbano de asfalto de 4 km, que na proba absoluta terá unha distancia de 8 km, tendo que percorrer os participantes dúas voltas o mesmo.

Tanto a proba absoluta como as probas escolares celebraranse en circuitos pechados e valados. Os percorridos estarán indicados, controlados e sinalizados. A organización contará coa colaboración dos organismos municipais competentes, que colaborarán no control da carreira. A proba estará controlada polo Comité Galego de Xuíces da FGA.

1. CATEGORÍAS:

Poderán participar todas as persoas, sexan ou non federadas, das seguintes categorías:

- **PITUFOS:** Atletas nados/as no ano 2017 e posteriores.
- **PRE-BENXAMÍN:** Atletas nados/as nos anos 2015 e 2016.
- **BENXAMÍN/SUB 10:** Atletas nados/as nos anos 2013 e 2014.
- **ALEVÍN/SUB 12:** Atletas nados/as nos anos 2011 e 2012.
- **INFANTIL/SUB 14** Atletas nados/as nos anos 2009 e 2010.
- **CADETE/SUB 16:** Atletas nados/as nos anos 2007 e 2008.
- **XUVENIL/SUB 18:** Atletas nados/as nos anos 2005 e 2006.
- **JUNIOR/SUB 20:** Atletas nados/as nos anos 2003 e 2004.
- **PROMESA/SUB 23** Atletas nados/as nos anos 2000, 2001 e 2002.
- **SENIOR:** Atletas nados/as dende 1999 ata máster A.
- **MASTER A:** Atletas de 35 a 44 anos cumpridos o día da proba.
- **MASTER B:** Atletas de 45 a 54 anos cumpridos o día da proba.
- **MASTER C:** Atletas de 55 anos ou máis cumpridos o día da proba.

2. HORARIOS E PERCORRIDOS:

HORA	CATEGORÍA	DISTANCIA APROX.
21:00 h	PITUFOS	80 m
21:10 h	PREBENXAMÍN	150 m
21:20 h	BENXAMÍN/SUB 10	400 m (1 volta circuito A)
21:45 h	ALEVÍN/SUB 12	800 m (2 volta circuito A)
22:00 h	INFANTIL/SUB 14	900 m (1 volta circuito B)
22:30 h	ENTREGA DE PREMIOS CARREIRAS CATEGORÍAS INFERIORES	
22:45 h	CADETE/SUB 16	1.300 m (1 volta A+1 volta B)
23:00 h	XUVENIL/SUB 18, JUNIOR/SUB 20 PROMESA/SUB 23, SENIOR E MASTER 8.000 m (2 voltas circuito C)	
0:30 h	ENTREGA DE PREMIOS CARREIRA ABSOLUTA	

CIRCUITO A



CIRCUITO B



CIRCUITO C



3. INSCRICIÓN:

* **ADULTOS:** (dende xuvenil ata veteranos) Ata o xoves día 21 de Xuño de 2022 as 23:59 horas na web www.emesports.es (única forma de inscrición). Unha vez dentro da páxina, seguir as instrucións para formalizar as inscricións que se desexen.

* **ESCOLARES:** (dende pitufos a cadetes) Ata o xoves día 21 de Xuño de 2022 as 23:59 horas na web www.emesports.es (única forma de inscrición) onde deberán indicar os datos da inscrición requeridos.

A organización resérvase o dereito de aceptar inscricións fora de prazo. Non se aceptarán inscricións con datos incompletos ou sin todos os datos obrigatorios presentes no formulario de inscrición online.

Haberá un límite de 600 inscritos na proba absoluta.

Calquera dúbida relacionada co proceso de inscrición poderán dirixirse ó teléfono **886.153.589**.

Calquera dúbida relacionada coa organización da proba poderán dirixirse os teléfonos **986.570.030** ou no correo deportes@astrada.gal

O **PREZO** da inscrición será o seguinte:

— **ADULTOS** (xuvenil e superiores): **6,00 €**

— **CATEGORIAS ESCOLARES** (de pitufo a cadetes): **GRATUITA**

4. RETIRADA DE DORSAIS E CHIPS:

Realizarase o día da proba nun local habilitado para á organización da carreira, a partir das **19:00 horas** na zona de saída/meta, que será o punto de saída e chegada.

* **CONTROL CON CHIP:** A proba absoluta (23:00 horas) estará controlada a través dun **CHIP** que se entregará a cada corredor no momento da recollida do dorsal e que deberá colocarse na zapatilla antes da saída da súa proba.

TODOS OS CORREDORES TEÑEN A OBRIGA DE DEVOLVER O CHIP O FINALIZAR A SÚA PROBA. AQUELES CORREDORES QUE NON ENTREGUEN O CHIP NON ENTRARAN NAS CLASIFICACIONES NIN RECIBIRÁN NINGUN TIPO DE OBSEQUIO.

5. CLASIFICACIÓN:

A clasificación farase nas seguintes categorías: prebenxamín, benxamín, alevín, infantil, cadete, xuvenil, junior, promesa, senior, master A, master B e master C; tanto masculina como feminina. Na proba 8K so haberá clasificación absoluta masculina e absoluta feminina. Establécese a clasificación segundo a orde de entrada en meta.

O participante que ó longo do percorrido cometa algunha irregularidade será descalificado.

*** DESCUALIFICACIONES:** Todo corredor/a que incumpra as normas da competición ou as establecidas nos regulamentos RFEA e FGA referentes a probas en ruta, será excluído a criterio dos xuíces da FGA que farán a supervisión técnica da proba. Todas as reclamacións deberán ser dirixidas a organización da proba que as valorará cos xuíces da FGA con prazo máximo de 30 minutos despois da publicación dos resultados da proba da que se efectúe dita reclamación.

6. PREMIOS E TROFEOS:

- Obsequio conmemorativo da proba ata esgotar existencias.
- Trofeos os tres primeiros/as clasificados/as de todas as categorías, excepto nas categorías pitufo e prebenxamin, que non haberá trofeos e si medalla para todos os participantes.
- Trofeo na proba 8K os tres primeiros/as estradenses en cruzar a liña de meta na proba absoluta.
- Os gañadores da carreira absoluta na categoría masculina e feminina levarán o seu peso en botellas de Sidra da Estrada, da Asociación Maceira e Sidra.
- Trofeo o clube con maior número de participantes inscritos.
- So se poderá optar a trofeo na categoría que corresponda o participante segundo a súa idade e na que figure inscrito en tempo e forma.
- Os premios non son acumulativos.

7. OUTRAS CONSIDERACIÓNS REGULAMENTARIAS:

- Os corredores/as deberán situarse na zona de saída cinco minutos antes do inicio da súa proba.
- O longo do percorrido haberá controis a cargo da organización.
- Haberá servizo de vestiarios e duchas no pavillón polideportivo Manuel Coto Ferreiro, sito na zona deportiva.
- Todos os participantes polo feito de tomar a saída aceptan o presente regulamento.
- A organización da X Estranoite non se fai responsable de perdas ou danos materiais que se poidan producir, así como outras persoas lle ocasionen os participantes desta carreira, nin dos que poidan recibir eles por parte de persoas ou obxectos.
- Haberá un servizo de urxencia dispoñible durante a duración da carreira
- *Esta proba pertence ao Calendario Oficial da FGA e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13 15008 A Coruña.*